

Sumario | n°26 – Abril 2023

**EDIUS** **NOVAS**

## Oferta de prazas PD 2023-2024

**OPINIÓN**

A transferencia  
de coñecemento  
e a colaboración como  
referencias de futuro



**EDIUS** **NOVAS**

Doutoramento 2023/24:  
matrícula anticipada para  
alumnado con estudos  
alleos ao EEES

**EDIUS** **NOVAS**

Prazos para presentar  
o Plan de Investigación

**EDIUS** **NOVAS**


En marcha a elección  
de representantes no  
Comité de Dirección  
da EDIUS

34 galardoados/as  
co Premio Extraordinario  
de Doutoramento  
2020-2021

**EDIUS** **NOVAS**

II Xornadas Internacionais  
de Iniciación á Investigación  
en Estudios da Literatura

**ENTREVISTA**



Como deseñar unha boa  
presentación de tese

Elena Gómez Rocha e Juan José  
García Soriano impartiron o curso  
*Diseño e edición de materiais para  
presentacións escritas*

**EDIUS** **NOVAS**

Ferramentas que nos  
sirven para traballar  
mellor en equipo



**ENTREVISTA**

Guadalupe Jiménez-Esquinas, membro  
do CIFEX, impartirá en maio un curso sobre  
*'A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento'*

«A investigación non pode ser insensible á súa  
responsabilidade na configuración dunha  
realidade social máis igualitaria, diversa e xusta»

**EDIUS**   **NOVAS**

# Oferta de prazas dos programas de doutoramento para o curso 2023-2024

O Consello de Goberno, na súa sesión do pasado 31 de marzo de 2023, aprobou a oferta inicial de prazas dos programas de doutoramento para o vindeiro curso 2023-2024. Son en total 851 prazas, repartidas en 58 programas de doutoramento.

No número total de prazas de cada PD están contempladas as prazas da convocatoria anticipada para estudantes con titulacións de países alleos ao EEES (convocatoria actualmente aberta) e outras para a convocatoria ordinaria, que abrirá no mes de setembro. No caso de que as prazas previstas para o alumnado de países alleos ao EEES non se cubran na súa totalidade, o número restante sumarase ás prazas da convocatoria ordinaria, respectando sempre o número total de prazas ofertadas para cada Programa de Doutoramento.

Para garantir o dereito de igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade, no caso de que se presenten solicitudes de admisión a estudos por parte de estudiantes afectados por un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e non resulten admitidos segundo os criterios xerais establecidos en cada procedemento, habilitarase un aumento de ata o 5% das prazas ofertadas na titulación correspondente. Neste caso, deberán presentar un documento acreditativo, expedido pola autoridade competente, do grao de discapacidade.

Os requisitos específicos para o ingreso en cada programa figuran [na páxina oficial](#) de cada un deles. Poderase acceder á información desde este documento pulsando no nome do programa.

Nas táboas que aparecen a continuación figuran as prazas ofertadas nos programas e a cota para alumnos/as con estudos realizados en países alleos ao EEES.

 [Ir ao sumario](#)

1/2

PROGRAMA	Convocatoria anticipada alleos EEEs Curso 2023-24	Convocatoria ordinaria	Total
Agricultura e medioambiente para o desenvolvimento	7	3	10
Análise económica e estratexia empresarial	2	10	12
Avances e novas estratexias en CC forenses	2	8	10
Avances en bioloxía microbiana e parasitaria	2	8	10
Biodiversidade e conservación do medio natural	3	6	9
Ciencia de materiais	4	16	20
Ciencia e tecnoloxía química	12	38	50
Ciencias da visión	1	5	6
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión	2	8	10
Ciencias odontolóxicas	3	12	15
Ciencias sociais e envellecemento	0	4	4
Comunicación e información contemporánea	3	12	15
Dereito	1	14	15
Desenvolvemento psicolóxico, aprendizaxe e saúde	2	10	12
Desenvolvemento rexional e integración económica	2	8	10
Didáctica das Ciencias Experimentais	0	6	6
Economía e empresa	5	15	20
Educación	0	20	20
Endocrinoloxía	4	11	15
Enerxías renovables e sustentabilidade enerxética	3	12	15
Enxeñaría para o desenvolvemento rural e civil	3	10	13
Enxeñaría química e ambiental	3	12	15
Enxeñaría termodinámica de fluídos	1	1	2
Epidemioloxía e saúde pública	2	13	15
Equidade e innovación en educación	0	10	10
Estatística e investigación operativa	2	6	8
Estudos culturais: memoria, identidade, territorio e linguaxe	3	11	14
Estudos da literatura e da cultura	4	15	15
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	3	11	14
Estudos medievais	3	10	13

# Oferta de prazas PD 2023-2024

 Ir ao sumario

2/2

# Oferta de prazas PD 2023-2024

 Ir ao sumario

PROGRAMA	Convocatoria anticipada alleos EEEs Curso 2023-24	Convocatoria ordinaria	Total
Filosofía	2	10	12
Física nuclear e de partículas	3	27	30
Historia contemporánea	4	16	20
Historia, xeografía e historia da arte	6	24	30
Innovación en seguridade e tecnoloxía alimentarias	3	12	15
Investigación agraria e forestal	4	16	20
Investigación básica e aplicada en ciencias veterinarias	2	10	12
Investigación clínica en medicina	5	35	40
Investigación e desenvolvemento de medicamentos	4	16	20
Investigación en tecnoloxías da información	4	16	20
Láser, fotónica e visión	1	5	6
Lingüística	2	10	12
Lóxica e filosofía da ciencia	1	5	6
Marketing político: actores e institucións nas sociedades contemporáneas	2	20	22
Matemáticas	2	8	10
Matemáticas e aplicacións	3	6	9
Medicina e sanidade veterinaria	4	12	16
Medicina molecular	6	34	40
Medio ambiente e recursos naturais	4	16	20
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	2	7	9
Neurociencia e psicoloxía clínica	4	14	18
Procesos psicológicos e comportamento social	3	7	10
Protección do Patrimonio cultural	0	5	5
Psicoloxía do traballo e as organizacións, xurídica-forense e do consumidor e usuario	2	8	10
Relacións Laborais e Recursos Humanos	2	8	10
Textos da antigüidade clásica e a súa pervivencia	1	5	6
Turismo	2	8	10
Xestión sustentable da terra e do territorio	2	8	10

# Doutoramento 2023/24: matrícula anticipada para alumnado con estudos alleos ao EEES

O pasado 8 de marzo abriu o prazo para solicitar a matrícula anticipada nos estudos de doutoramento da USC.

Trátase dunha **convocatoria dirixida a alumnado procedente de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)** que posúa un título homologado a un título universitario oficial español ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do EEES ou un título declarado equivalente polo Ministerio de Educación, e que faculte en ambos casos para o acceso a estudos de doutoramento.

Tamén poderá acceder o alumnado de sistemas educativos alleos ao EEES sen necesidade de homologar o seu título, previa comprobación pola universidade de que o título acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españoles e que faculta no país expedidor para acceder ás ensinanzas de doutoramento.

As persoas interesadas poderán facer a reserva de admisión **até o 14 de abril de 2023, ás 23:59 horas**, indicando o PD que se deseja realizar de entre os que figuran na relación de prazas. A admisión tramitarase por orde de solicitud até cubrir as prazas ofertadas entre os alumnos que reúnan os requisitos esixidos.

Quedan excluídos desta convocatoria os estudiantes que teñan residencia en España e os que estean ou tiveran estado matriculados en calquera titulación das tres universidades galegas. Tampouco poden optar os

estudiantes procedentes de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Estes estudiantes poder solicitar a súa admisión pola cota xeral.

O Servizo de Xestión Académica ([sxa@usc.es](mailto:sxa@usc.es)) é o responsable de tramitar este proceso. Unha vez que verifique os datos achegados, pedirá informe á Comisión Académica do Programa de Doutoramento e notificará ao interesado o que proceda.

Recibida a solicitude, e á vista dos datos persoais e académicos declarados, remitiranlle por correo electrónico información sobre a admisión: o custo, importe que debe aboar en concepto de reserva de praza, o formulario de solicitud de equivalencia, calendario académico previsto. Tamén serán informados se deben realizar ou non complementos de formación (máximo de 15 ECTS) e toda aquela información que se considere necesaria.

Para realizar o pagamento, o alumnado poderá acceder á **aplicación de auliquidación** seleccionando a opción de “Servizos Académicos-Doctorado”.

Unha vez notificada a admisión, deberá realizarse a matrícula no prazo fixado.

Para resolver dúbidas de carácter xeral, o persoal interesado pode enviar un correo electrónico ao enderezo [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

Máis información  
[nesta ligazón](#)

 Ir ao sumario



OPINIÓN

## A transferencia de coñecemento e a colaboración como referencias de futuro

Xosé Soengas Pérez

Catedrático de  
Comunicación  
Audiovisual

*«Hoxe en día a tecnoloxía permite traballar a distancia e en simultáneo, por iso é importante fomentar o intercambio entre programas de forma estable e prolongada»*

Nun contexto social caracterizado pola innovación e pola transferencia de coñecemento con carácter transversal, os estudos de doutoramento teñen unha oportunidade única para aproveitar as sinerxías que ofrece a tecnoloxía. Unha das prioridades é renovar as estruturas que o precisen e adaptar as formas de traballo de xeito integral ás necesidades académicas, científicas e laborais actuais, pois en moitos casos permanecen características pouco funcionais e mesmo anacrónicas que dificultan o traballo en equipo e o aproveitamento dos recursos humanos e materiais dunha forma óptima. Pero a renovación ten que aplicarse desde o primeiro momento. Nos mecanismos de acceso aos programas áinda están vixentes aspectos obsoletos dunha normativa que obriga a uns trámites innecesarios que dificultan os procesos selectivos e tampouco permiten coñecer con amplitude os intereses científicos do alumnado antes de matricularse.

Outra das características que define moitos programas de doutoramento é a excesiva diversidade de liñas de investigación, que se desenvolven de xeito illado, sen aproveitar os recursos, as ideas e os resultados de unidades de investigación con características similares, que xa están consolidadas noutras universidades españolas ou estranxeiras, con recoñecemento público. Todos os temas poden e deben ser obxecto de estudio, pois a diversidade sempre é enriquecedora e corresponde á Universidade estudar o que acontece en todos os ámbitos, pero tamén cómpre buscar fórmulas para evitar duplicidades innecesarias. Hoxe en día a tecnoloxía permite traballar a distancia e en simultáneo, por iso é importante fomentar o intercambio entre programas de forma estable e prolongada para procurar unha excelencia e unha competitividade que só se poden acadar desde unha colaboración efectiva.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

## Prazos para presentar o Plan de Investigación

O Plan de Investigación é o documento que deberá recoller a metodoloxía que empregará o/a doutorando/a e os obxectivos que se pretenden alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para alcanzalos.

### CANDO SE TRAMITA?

- Plan de Investigación inicial: No caso de ser este curso 2022-2023 o primeiro ano de matrícula no Programa de Doutoramento, os doutorandos e doutorandas teñen de prazo até o 11 de abril para presentar a través da súa Secretaría Virtual o seu Plan de investigación. Os doutorandos matriculados en segunda convocatoria deberán ter presentado o seu plan antes do 31 de xullo.
- Modificación do Plan de Investigación: Cada doutorando ou doutoranda poderá modificar o seu Plan de Investigación cando o considere necesario.

A non presentación do Plan de Investigación no prazo supón a baixa no programa de doutoramento. Os doutorandos e doutorandas que tiveran avaliación negativa por primeira vez no curso 2022-2023, serán novamente avaliados no vindeiro curso 2023-2024 nas datas que se determinen Ter dous informes anuais consecutivos supón a baixa no programa.

### COMO SE TRAMITA?

- Na Secretaría Virtual (no epígrafe «Consulta expediente Doutorado RD99/2011»). Só pode facerse se na aplicación hai constancia da asignación do tutor/a e director/a de tese. Automaticamente, a aplicación poñerá ao dispor do tutor/a ou director/a o Plan de Investigación para a súa avaliación e posterior aprobación pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento elixido.

Recoméndase cubrir este documento canto antes dado que é requisito aprobalo para participar en convocatorias de axudas predoutorais.

Máis información [nesta ligazón](#).

# 34 galardoados/as co Premio Extraordinario de Doutoramento 2020-2021



O Consello de Goberno xa aprobou a proposta definitiva de concesión do Premio Extraordinario de Doutoramento do curso 2020-2021. Unha vez concluídas as alegacións, a EDIUS outorga este recoñecemento a 34 doutores e doutoras da USC, 3 máis que na anterior convocatoria.

O acordo de resolución do Consello de Goberno de concesión destes premios publicarase no Taboleiro de Anuncios Electrónico da universidade compostelá e tamén na páxina web da EDIUS. Contra este acordo de resolución do Consello de Goberno, os interesados poderán presentar recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a súa publicación.

O reparto segundo as cinco grandes áreas de coñecemento é o seguinte: 11 persoas de Ciencias e

Enxeñarías; outras 11 de Ciencias da Saúde; 7 de Ciencias Sociais e Xurídicas e 5 de Artes e Humanidades. Por sexo, 24 dos premios corresponden ás teses de doutoramento presentadas por mulleres (o 70,5%), e 10 (29,5%), de homes.

O Servizo de Xestión Académica, unha vez notificado o acordo de resolución pola Secretaría Xeral da USC, será o encargado de notificar aos interesados/as a concesión definitiva do premio e de incorporalo no seu expediente, así como de tratar, a petición do/a interesado/a, a devolución dos prezos públicos pagados para a expedición do título de doutor/a. podes atopar más información [nesta ligazón](#).

A continuación, incluímos a listaxe cos nomes das persoas premiadas nesta última convocatoria:

Artes  
e Humanidades

Ciencias  
e Enxeñarías

**Filoloxía, Filosofía e Lingüística**

Cristina Lastres López

Daniela Beatriz Pettersson Traba

Iria De Dios Flores

**Filoloxía, Filosofía e Lingüística**

Mónica Fernández Armesto

Samuel Nión Álvarez

**Biología e Ciencias da Natureza**

Andrea Cortegoso Galmán

Alba Lombao Vázquez

**Enxeñarías**

Stéfano Arellano Pérez

Jorge Alberto Suárez Garea

**Física**

Hadrián Montes Campos

Ramón Rial Silva

**Matemáticas**

Ignacio Márquez Albés

**Biología e Ciencias da Natureza**

Iago Pozo Míguez

Soraya Learte Aymamí

María Vanesa Taboada López

Gabriela Castro Varela



- Clara Domínguez Vivero  
Silvia Fernández Martín  
Celina Vila Sanjurjo  
Antía Lestido Cardama  
Saskia Camille Flament Simon  
Mallah Narmeen  
Andrea López López  
Clara López Iglesias  
Andrea Luaces Rodríguez  
Xosé Manuel Matanza Fente  
Ana Oliveira Fernández



#### Ciencias da Educación e Ciencias da Comunicación

- Maria Cruz Negreira Rey  
Ana Vázquez Rodríguez  
Gabriela Dolores Míguez Salina

#### Dereito e Ciencias Políticas

- Daniel Sansó-Rubert Pascual  
Daniel González Uriel

#### Economía

- Maria Concepción Peñate Valentín

#### Psicología

- Sabela Carme Mallo López

**EDIUS** **NOVAS**

## En marcha a elección de representantes no Comité de Dirección da EDIUS

O 16 de maio escolleranse membros do persoal docente e investigador, estudiantado e persoal de administración.

O pasado 27 de marzo publicouse a convocatoria de eleccións de representantes no Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) dos seguintes sectores:

- Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS
- Estudiantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS
- Persoal de administración de servizos que desenvolve a súa actividade na EDIUS

A votación efectuarase o día **16 de maio** de 2023, en horario ininterrompido, desde as 9:00 até as 19:00 horas. O sistema electoral consistirá na emisión de **votos electrónicos** dende un dispositivo conectado a internet até unha urna dixital remota situada nun recinto protexido e baixo a custodia da Comisión Electoral Central da USC. Na pantalla de votación constarán relacionadas as candidaturas proclamadas, así como a opción de voto en branco.

As persoas electoras terán que conectarse a través da súa Secretaría Virtual, ou ben dende a páxina web electoral, na que se habilitará unha ligazón á aplicación de voto. En caso de non poder conectarse, porase en coñecemento da Comisión Electoral Central ou da Secretaría Xeral a efectos de que se tomen as oportunas medidas e resolver a incidencia. A comunicación farase a través da conta de correo [evoto@usc.es](mailto:evoto@usc.es). Os/as electores/as identificaran coas claves de acceso á Secretaría Virtual.



[Ir ao sumario](#)

Serán electores e electoras elixibles as persoas censadas nos correspondentes sectores, de conformidade coa normativa electoral. A presentación de candidaturas e dos escritos relacionados con esta convocatoria deberá realizarse a través da aplicación electoral: <https://aplicaciones.usc.es/axe/publica> a partir do 18 de abril. O prazo remata ás 14:00 horas do 27 de abril. Para acceder á aplicación electoral os/as electores/as terán que identificarse mediante as chaves de acceso corporativas da USC. O alumnado poderá acceder á aplicación dende a Secretaría Virtual.

A información relativa a este proceso electoral estará a disposición na web da Secretaría Xeral: [Ligazón](#)

Estas son as datas más importantes deste proceso electoral que debedes ter en conta:

Exposición do censo electoral provisional	27 marzo - 31 marzo
Reclamacións ante a Secretaría Xeral contra o censo provisional	27 marzo - 31 marzo
Resolución da Secretaría Xeral sobre rectificación do censo	10 de abril
Recursos ante a Comisión Electoral Central (CEC) contra o censo	11 - 14 de abril
Publicación do censo electoral definitivo	17 de abril
Presentación de candidaturas	18 - 27 de abril
Proclamación provisional de candidatos/as	28 de abril
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos/as	2 - 4 de maio
Proclamación definitiva de candidatos/as	5 de maio
Publicación do número de representantes a elixir en cada circunscripción	5 de maio
Sorteo da letra de inicio de inscripción de candidatos/as nas papeletas electrónicas	5 de maio
Campaña electoral	8 - 12 de maio
Xornada de reflexión	15 de maio
<b>Xornada de votación</b>	<b>Martes 16 de maio</b> (desde as 9:00h ata as 19:00h)
Proclamación provisional de candidatos/as electos/as	22 de maio
Recursos ante a CEC contra a proclamación provisional de candidatos/as electos/as	23 - 29 de maio
Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as	<b>31 de maio</b>



**Juan José García e  
Elena Gómez Rocha**

Socios cofundadores de Nudo Brands Coop. V, un estudio de creación e xestión de marca que desde o comezo se encarga do deseño e edición deste boletín de noticias da EDIUS.

**ENTREVISTA**

Elena Gómez Rocha e Juan José García Soriano impartiron o curso *Deseño e edición de materiais para presentacións escritas*

## Como deseñar unha boa presentación de tese

Como expertos, Elena e Juanjo falan nesta entrevista da importancia do deseño gráfico, da relación dos nativos dixitais e proporcionannos algúns bons consellos que serán de gran axuda á hora de facer a presentación dunha tese.

### Que consellos básicos dariades para realizar unha boa presentación dunha tese?

(Elena) O primeiro consello é afastarse da pantalla e trazar o plan con papel e lapis. O deseño dunha presentación debería comenzar por pensar para comprender cales son as necesidades, os obxectivos e considerar o contexto. Unha vez o teñamos claro, empezar a bocetar (seguimos en papel) o que será o esqueleto desa presentación. Todo isto parece algo intranscendente, pero é a parte máis importante. Organización, claridade e concisión. Ah, e práctica! Moitas veces pecamos de coñecer o tema á perfección e por iso deixamos de preparar a presentación e ter moi claro todo aquilo que imos ter que defender.

(Juanjo) O principal consello é seguir un proceso. Comezar parándose a pensar e contestándose ás preguntas base: que, cando, como, quen... Candoo temos que preparar unha presentación queremos comenzar a deseñala, pero non se dedica tempo suficiente á súa preparación. Comprender as necesidades, identificar os obxectivos ou considerar o contexto, antes de empezar a deseñar, farános aforrar tempo e recursos.

### Credes que se lle presta a suficiente atención a este aspecto, tanto por parte do tribunal como por parte do doutorando ou doutoranda?

(E) Creo que, en xeral, o deseño de presentacións é unha parte importante da comunicación académica e científica. Unha presentación ben deseñada pode axudar ao doutorando ou doutoranda a transmitir os puntos clave dunha investigación de maneira clara e efectiva. Iso debería ser fundamental para eles. É como o compromiso final a todos estes anos de investigación; a mellor forma de terminar a súa tese cunha defensa perfecta e cunha presentación á altura de tanto esforzo. E por parte do tribunal, ben, sabemos que hai certos criterios que dependen de cada grupo. Pero seguro que calquera persoa agradece unha presentación organizada, visual e perfectamente preparada.

**«É como o compromiso final a todos estes anos de investigación; a mellor forma de terminar a súa tese cunha defensa perfecta e cunha presentación á altura de tanto esforzo»**

 Ir ao sumario



(J) Non sabería dicirche porque depende moito de cada caso, hai de todo. Pero é verdade que, de forma xeral, non se acostuma dedicar o tempo necesario á parte da presentación. Para mi, é unha parte fundamental, creio que é importante dedicarlle o seu tempo e esforzo. É o punto final a un traballo duro durante moito tempo e, como mínimo, debería ter un resultado á altura.

**Cales son as ferramentas más adecuadas para conseguir unha edición clara e atractiva?**

(E e J) Aquí estamos os dous de acordo. Como insistimos no curso; non nos fai falta o software ou a ferramenta máis sofisticada. Que a edición e deseño sexan claros e

atraactivos dependen máis do usuario e non tanto da ferramenta. No curso, animamos a todas as persoas a empregar aquela ferramenta coa que se sentiran más cómodas. Canva, presentacións de Google, Power Point... Existen tantas e tan válidas alternativas...

**No ámbito da investigación tamén é aplicable iso de que ‘menos é más’?**

(E) Nalgúns casos, a simplificación dunha investigación pode ser beneficiosa para a súa comprensión e aplicación noutros campos ou por parte doutros investigadores. E, noutros casos, unha maior complexidade e detalle pode ser necesaria para comprender adequadamente un fenómeno ou para satisfacer os requisitos

dunha investigación específica. Depende tanto da investigación en si mesma como das súas necesidades que aquí non podemos xeneralizar.

(J) Pero se falamos da presentación, si. Sen dúbida. Non hai que poñer todo, hai que sintetizar e xerarquizar a información. Aínda que creamos que si, todo o contido non é importante. Polo menos para preparar unha presentación. Temos que ir ao gran.

**De que forma credes que as novas tecnoloxías e o fácil acceso a internet repercutiron no deseño de traballos académicos?**

(J) Repercutiu en que hai máis ferramentas á hora de deseñar, pero isto non quere dicir que haxa mellores deseños. Tendemos a crer que, por saber empregar Canva, sabemos deseñar e isto non é así. Debemos coñecer os fundamentos e principios básicos dun bo deseño: retículas, tipografía, cor, ilustración, iconografía... Por moitas ferramentas que existan, se non te preocupas en coñecer sobre isto, de pouco che servirá.

(E) Sinalaría a gran cantidade de ferramentas e recursos que temos ao alcance e a súa democratización, sen dúbida. Pero tamén, a posibilidade de ver como o están facendo outras persoas. No curso sinalamos que unha parte importante do traballo é buscar inspiración, como o están facendo outros investigadores e investigadoras, ver que ferramentas e recursos empregan... Todo isto pode achegarte a conseguir mellores resultados.

**Son os ‘nativos dixitais’ mellores deseñando?**

(E) Atrévome a dicir que non. A vantaxe que teñen, que non é pouca cousa, é que están en contacto coas ferramentas moito antes. Pero iso non quere

«Non nos fai falta o *software* ou a ferramenta más sofisticada. Que a edición e deseño sexan claros e atractivos dependen más do usuario e non tanto da ferramenta»





dicir que deseñen mellor. Un bo deseñador é alguén ordenado e resolutivo que debe coñecer os fundamentos para poder aplicalos con criterio.

(J) Non o creo. Poden ter máis facilidade á hora de utilizar estas ferramentas, pero é o que comentaba na pregunta anterior. De nada serve saber utilizar unha ferramenta, se non se coñece o básico que debes saber antes de poñerte a deseñar. Ademais, todo é práctica. Dedicarlle o tempo que merece, deseñar é un traballo e hai que dedicarlle esforzo e dedicación se queres mellorar.

#### **A vosa empresa é a encargada de deseñar mensualmente este boletín da EDIUS. Como está resultando a experiencia?**

(J) É todo un reto que nos encanta repetir cada mes. Cando nos plantearon o proxecto, encantounos por varios motivos. Por unha banda, porque cremos que é moi necesario que exista un boletín como nEDIUS nunha universidade. É importante esa parte de divulgación de todo o que ocorre e, sobre todo, dos proxectos e todas as persoas que forman parte da escola. E, por outra banda, porque é un boletín que está moi vivo, hai noticias moi diferentes que nos obrigan a activar o noso lado creativo en busca de formas diferentes de deseñar e maquetar a información.

(E) Engadiría que, detrás de nEDIUS, existe todo un equipo que o saca adiante cada mes. Aínda que a nosa parte resulte, quizais, a más visible, o deseño empeza pola coordinación, redacción e revisión de cada unha das noticias que podes ler aquí.

#### **Que tivestes en conta á hora de elixir o deseño destes boletíns?**

(E e J) En canto ao deseño, seguimos a identidade visual da USC. A coherencia é algo fundamental e, como bos creadores de marcas, tratamos de mantela para seguir sumando, traballando na mesma dirección, ao universo gráfico da Universidade. A partir de aí, fomos creando o boletín desde cero, establecendo diferentes seccións e formatos en función das necesidades informativas e da natureza de cada noticia, entrevista, reportaxe... Unha das cousas que más nos gusta é o nome do boletín, que xurdíu co grupo de traballo. É algo ben sinxelo e que, cremos, funciona xenial: novas da EDIUS - nEDIUS.

**EDIUS** **NOVAS**

## Ferramentas que nos sirven para traballar mellor en equipo



A coordinadora de Formación da Escola anima a participar nas accións do programa EDIUS-Conecta

Isabel Neira é a coordinadora de Formación da EDIUS. Cando xa estamos na última recta do curso académico, fala da boa acollida que seguen a ter os cursos por parte do alumnado. “Son formacións que xa están bastante asentadas e contan co recoñecemento da comunidade universitaria”, afirma. Neira explica que estas actividades cobren unha eiva que existía. Nos primeiros anos, había unha gran lista de agarda e quedaba moita xente fóra. Agora, os doutorandos e doutorandas saben que case todos os cursos se repiten anualmente polo que, se non é no primeiro ano da súa formación como investigadores, poderá ser no segundo, no terceiro...

Ao seu parecer, estas formacións axudan a que os/as investigadores/as “saian da rutina da tese” e amplíen os seus coñecementos, habilidades e estean ao día coas novas ferramentas que lles axudarán a mellorar.

**Ir ao sumario**

Este ano, a Escola de Doutoramento da USC puxo en marcha a EDIUS-Conecta, un ambicioso programa que ten como obxectivo achegar ao alumnado e ao profesorado ferramentas de innovación e traballo en equipo que permitan competir nun contorno tan cambiante como o actual. Isabel Neira conta que até o de agora, as actividades programadas non afondaban nas relacións da Escola cara ao exterior. A idea agora é fornecer as relacións, por exemplo, co tecido empresarial. Outra das ideas é “recuperar internamente as reunións físicas e recuperar conexión de reflexións conxuntas”. Neira engade que se trata de organizar un “espazo de encontro de maneira informal sobre temas como a comunicación ou a innovación”.

### «Se trata de organizar un espazo de encontro de maneira informal sobre temas como a comunicación ou a innovación»


EDIUS-Conecta é un proxecto pioneiro nas universidades de toda España. “Fixemos igual que a Coca Cola, crear a necesidade para sacar adiante esta iniciativa”, que se desenvolverá nos campus de Santiago e Lugo.

EDIUS-Conecta desenvolverá ao longo deste curso catro accións. O primeiro foi, no mes de febreiro, o “*Hackthon Social-Tech*”. Agora, temos por diante un “*Sprint de Innovación*”, seguir cos “Almorzos formativos con...” e o “*EDIUS Mentoring*”.

O programa combina accións para profesorado e alumnado. Os “Almorzos formativos con...” son un punto de encontro para profesores/as no que compartir experiencias e coñecer novas ferramentas e accións a través de profesionais en materia de innovación, transferencia, novas metodoloxías ou comunicación. Isabel Neira recoñece que custa máis mobilizar aos directores/as, tutores/as de teses “porque sempre estamos todos bastante ocupados”. Sen embargo, a coordinadora de Formación da EDIUS anima aos seus colegas a “reflexionar sobre a necesidade de poñer en práctica as chamadas habilidades blandas”, relacionadas coa intelixencia emocional, o pensamento crítico, o liderado, a resiliencia ou a xestión do cambio.

“Tanto ao alumnado como ao profesorado nos custa saír do noso círculo de confort ou disconfort, ver cousas diferentes, coñecer como pensan outras persoas, que cousas se están a investigar...”, afirma Neira. Sen embargo, recoñece que accións como as contempladas no EDIUS-Conecta son moi necesarias para comprobar que “compartimos moitos problemas e coñecelos nos vai axudar a situarnos mellor no mundo. A dotarnos de ferramentas que nos sirvan para traballar mellor en equipo”.

# Formación



## Actividades Abril 2023

### As patentes como elemento de valor estratégico: Ciencias e Enxeñarías

10, 17 e 25 de abril e 8, 15 e 22 de maio de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matrícula: do 23 ao 30 de marzo de 2023  
Horario: de 9:30h a 11:30h

### Seminario: “Research and Getting it Published”

11 e 12 de abril de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matrícula: do 24 ao 31 de marzo de 2023  
Horario: 11 de abril de 15:00h a 19:00h (4h) e 12 de abril de 10:00h a 14:00h (4h)


### Investigación cualitativa apoiada polo software ATLAS.ti

13 e 14 de abril de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matrícula: do 27 de marzo ao 5 de abril de 2023  
Horario: 13 de abril de 10:00h a 13:30h e de 16:00h a 19:30h e 14 de abril de 10:00h a 13:00h

### Como preparar unha carreira académica

20 de abril de 2023  
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre  
Matrícula: do 10 ao 17 de abril de 2023  
Horario: de 17:00h a 21:00h

# Formación



## Actividades Abril 2023

### Introducción á R (Lugo)



20 e 27 de abril de 2023

Presencial e síncrono a través de MS Teams (2 sesiones sincrónicas de 4 horas + 3 horas de trabajo individual). Campus de Lugo

Matrícula: aberta ata o 12 de abril

Horario: 9:30h - 13:30h

### Socimetría. A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacíons



21 de abril de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 10 ao 17 de abril de 2023

Horario: de 10:00h a 14:00h

### Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos



21, 27 e 28 de abril de 2023, de 16:00h a 20:00h

Aula da Biblioteca Universitaria de Lugo

Matrícula: do 10 ao 17 de abril de 2023

Horario: de 16:00h a 20:00h

### Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?




26 de abril de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: selección previa

Horario: de 09:30h a 17:30h

# Formación



## Actividades Abril 2023

### Becoming a Scientific Writer: Putting Why? before How?

27 de abril de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: selección previa

Horario: de 09:30h a 17:30h

### Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía

28 de abril; 5, 12 e 26 de maio; e 2 de xuño de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 14 ao 21 de abril de 2023

Horario: de 9:30h a 11:30 h

**ENTREVISTA**



Guadalupe  
Jiménez-Esquinas

Guadalupe Jiménez-Esquinas, membro do CIFEX, impartirá en maio un curso sobre ‘*A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento*’

## «A investigación non pode ser insensible á súa responsabilidade na configuración dunha realidade social máis igualitaria, diversa e xusta»

Teresa Moure e Guadalupe Jiménez-Esquinas, respectivamente directora e integrante do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX), impartirán o vindeiro mes de maio uns cursos sobre “*A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento*”, un para alumnado de *Ciencias Sociais e Humanidades* e outro para o de *Ciencias Naturais e Tecnlóxicas*. A matrícula para as dúas formacións abre ao longo deste mes de abril.

Guadalupe Jiménez-Esquinas, profesora de Antropoloxía da USC, explica que o obxectivo é dotar ao alumnado das ferramentas necesarias “para incorporar as variables de sexo e xénero na investigación”. Nesta entrevista, fala, entre outros asuntos, dos principais nesgos sexistas que se atopan no proceso de investigación.

**Un curso sobre perspectiva de xénero centrado nas ciencias naturais e tecnoloxías e outro, nas ciencias sociais e humanas. Por que é necesaria esta diferenciación?**

Estes dous cursos oriéntanse a dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para incorporar as variables de sexo e xénero na investigación. O obxectivo fundamental é desenvolver investigacións de más calidade, más significativas e completas, conscientes dos nesgos e valores sexistas que afectan de maneira negativa á produción de coñecemento. Nin as ciencias sociais e humanidades, nin as ciencias naturais e tecnlóxicas poden ser “cegas ao xénero”: cómpre unha participación paritaria na investigación, en pé de igualdade, así como incluír esta perspectiva en todas as fases do proceso da investigación. Ademais lebramos que é un imperativo legal incorporar a igualdade de xénero en calquera investigación realizada con cartos públicos. Entón, ambos os dous cursos comparten as mesmas bases mais decidimos dividirnos para poder focalizar en cada ámbito disciplinar e afondar naqueles coñecementos que lles podan ser útiles (preguntas de investigación, metodoloxías, estratexias de difusión, exemplos prácticos, lecturas seleccionadas, etc.).

[Ir ao sumario](#)

### **Cales son os principais nesgos sexistas no proceso de investigación?**

Hai distintos nesgos no proceso de investigación. A socióloga Margrit Eichler (1991) detectou até sete nesgos que se poden dar na investigación ao non incorporar a perspectiva de xénero. O máis coñecido é o nesgo androcéntrico, no que o punto de vista e o marco de referencia é exclusivamente masculino. Isto leva á construcción simbólica dos homes como suxeitos activos e tamén á banalización dos intereses das mulleres. Esta perspectiva impõe habitualmente como a neutra, cando é parcial. Derivado do anterior está o nesgo de sobrexeneralización no que, tomando como referencia a experiencia masculina, explícase todo o fenómeno social xeneralizando dita experiencia ao conxunto da sociedade.

**«A socióloga Margrit Eichler (1991) detectou até sete nesgos que se poden dar na investigación ao non incorporar a perspectiva de xénero. O máis coñecido é o nesgo androcéntrico, no que o punto de vista e o marco de referencia é exclusivamente masculino»**

### **Hai máis...**

Si. A insensibilidade de xénero consiste en ignorar o sexo e o xénero como variables relevantes para as investigacións, considerándose que a propia investigación é neutra. Dobre estándar o dobre “rasero”, no que ao analizar, tratar, medir ou avaliar condutas ou situacións idénticas para os distintos sexos con criterios diferentes. Outro sería o nesgo de considerar determinadas accións ou actitudes más características ou apropiadas para un determinado sexo ou como “propias do seu sexo”. O nesgo de dicotomía ou binarismo, que consiste en identificar só dúas categorías en canto ao sexo e ao xénero e representalas como alteridades radicais ou categorías opostas, sobredimensionando as diferenzas. Por último está o nesgo do familismo, que consiste en tratar á familia como unidade mínima de análise, ignorando e homoxeneizando aos membros que a componen.

### **No curso vai falar de epistemoloxías feministas e epistemoloxías contrahexemónicas. En que se diferencian?**

A epistemoloxía é unha rama da filosofía que se ocupa do estudo do coñecemento (modo de obtención, contextos de xustificación, carácter de obxectividade e universalidade, etc.), as metodoloxías e teorías científicas. Tanto a epistemoloxía feminista como as contrahexamónicas (queer, do sur, decoloniais, etc.) poden enmarcarse nas epistemoloxías críticas.

Ambas as dúas subliñan os distintos nesgos existentes na producción de coñecemento así como as dinámicas sociais de poder que afectan ao mesmo. Con distintos enfoques, as epistemoloxías críticas defenden que a producción de coñecemento “hexemónica” non é neutral ou independente das dinámicas de discriminación e exclusión social e acepta que toda forma de coñecemento é situacional e reflicte a posición do/a investigador/a nun determinado momento histórico e contexto sociocultural. As principais diferenzas están nos distintos eixes de poder que se consideran que interveñen na producción de coñecemento (sexo, xénero, etnia, colonialidade, clase social, identidade, corporalidade, etc.).

### Como podemos incorporar o enfoque de xénero na investigación?

En primeiro lugar, sendo conscientes de que a nosa investigación non é allea ao sistema sexo/xénero e aos distintos nesgos, xerar un marco que promova a igualdade de oportunidades así como incorporar a perspectiva de xénero nos contido da investigación. Dentro do proceso de investigación ou, mellor dito, xa antes de poñernos a investigar, sería interesante repensar as prioridades na investigación, por que factores poden estar influenciadas (financiación, intereses corporativos, carreiras profesionais, experiencias persoais). O que se considera interesante investigar ou non, o que se financia, o que se promove, está influído polo sistema sexo/xénero.

### A dinámica é a mesma en todas as fases?

Na fase de ideas e hipóteses debemos preguntarnos se existe unha situación de partida desigual ou un impacto diferencial en relación ao xénero, ou en que medida as relacións de xénero afectan ao obxecto de estudio. As preguntas de investigación tamén teñen un impacto directo

na investigación. Cómpre preguntarse cal é o estado da cuestión, que publicaron autores e autoras, que hai previamente en materia de xénero, se podemos estar incorporando algún nesgo, se omitimos algún grupo relevante de suxeitos de investigación e como fortalecer a investigación.

### E con respecto á metodoloxía?

Temos que atender ao equilibrio de xénero das nosas mostras, evitando sobrexeneralizar os resultados, prestar atención ao sexo/xénero de quien investiga e se isto pode incidir nos resultados. Recomilar, por suposto, aqueles datos e variables que podan ser relevantes en relación ao xénero. Por último, na fase de difusión e transferencia, coidamos os resultados e interpretacións feitas así como as representacións visuais e lingüísticas para que sexan inclusivas de toda a diversidade.

**«Temos que atender ao equilibrio de xénero das nosas mostras, evitando sobrexeneralizar os resultados»**

### Poden os traballos de investigación ser alleos á linguaxe inclusiva?

Moitas veces se fala da linguaxe inclusiva como unha banalidade, mais sabemos que ten moi-tísima importancia tanto na representación da sociedade así como na producción dos marcos identitarios, dos modelos de interpretación e, así, dos comportamentos e relacións sociais. Está demostrado que a linguaxe é un factor chave nas actitudes culturais e sociais, perpetúa estereotipos de xénero así como pode invisibilizar as grandes proporcións da nosa sociedade, con efectos negativos reais e taxibles. A investigación non pode ser insensible á súa responsabilidade na producción de coñecemento, na procura da máxima calidade posible, así como na configuración dunha realidade social máis igualitaria, máis diversa e máis xusta.

## II Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura

As II Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura son a continuación dunha iniciativa nada en 2022 a partir dunha idea dos promotores Eduardo Aceituno Martínez (Universidade de Granada) e David Lea (USC).



Esta actividade foi impulsada pola coordinadora do programa de doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura, Soledad Pérez-Abadín, do que ambos os dous promotores forman parte.

O obxectivo destas xornadas é servir de encontro para novos/as investigadores/es de diferentes nacionalidades que queiran compartir as súas investigacións con outros doutorandos e doutorandas nas mesmas etapas iniciais da Academia. Así mesmo, o encontro propicia un lugar de intercambio con expertos e expertas de longa traxectoria no eido investigador que complementan a experiencia con conferencias plenarias e espazo de debate posterior coa audiencia.

Esta segunda edición contou coa presencia de Susana Araújo (Universidade de Lisboa), Margarita Santos Zas (USC), Enrique Santos Unamuno

(Universidade de Extremadura) e Javier Helgueta Manso (UNAM). Nas sesións plenarias expuxeron as súas aportacións á actualidade do eido literario e cultural dende a perspectiva das humanidades contemporáneas.

Os promotores desta segunda edición das xornadas agradece o “traballo incansábel” levado a cabo polo comité organizador, constituído por Ana Bustelo Vega, Gisella Costas López, Silvia Ferrannini, Paula Gregores Pereira, David Lea, Katherine Loureiro, Belén Quinteiro Pulleiro e Aira I. Rego Rodríguez. Ademais, destacan a “inestimábel guía” da coordinadora Soledad Pérez-Abadín. A conclusión destas Xornadas, cumprindo co obxectivo de transferencia cultural á sociedade e á comunidade universitaria, culmina coa publicación dunha obra colectiva na que se recollen todas as aportacións das persoas participantes nas mesmas.

**EDIUS** NOVAS

## Bota a andar a Cátedra Institucional en Patrimonio Cultural Dixital

A Conferencia de Reitores das Universidades e Institutos Politécnicos do Suroeste Europeo (CRUSOE), constituída polas universidades de Galicia, Castela e León, Asturias, Cantabria, así como as rexións norte e centro de Portugal, participa na creación da Cátedra Institucional en Patrimonio Cultural Dixital. A Cátedra nace coa finalidade de fomentar a docencia, a investigación e difusión dos coñecementos neste ámbito. Focalízase no acervo patrimonial e cultural da eurorexión SOE, unha referencia de ámbito mundial con varias cidades e lugares recoñecidos como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Así mesmo, servirá como instrumento para favorecer a colaboración entre persoal investigador, profesorado e profesionais de renome internacional, tanto cos das

institucións pertencentes á CRUSOE, como con aqueles pertencentes ao sector público e privado e vencellados aos diferentes ámbitos e áreas de impacto e interese no Patrimonio Cultural Dixital. Máis información [nesta ligazón](#).



## Reunión informativa do programa Estudos da Literatura e da Cultura

A coordinadora do programa Estudos da Literatura e da Cultura organiza unha sesión informativa, destinada aos candidatos á admisión para o vindeiro curso 2023-2024. Celebrarase o xoves 4 de maio de 2023, no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía, con posibilidade de conexión telemática.

A reunión ten como finalidade informar aos candidatos e candidatas dos procesos administrativos para solicitar a admisión e dos aspectos académicos deste programa de doutoramento e, en xeral, do que supón a realización dunha tese de doutora-

mento. Concederase especial atención á rolda de preguntas e intervencións, co fin de resolver as posibles dúbidas. Recoméndase que previamente se consulte a [páxina web da EDIUS](#), especialmente o [apartado de ADMISIÓN](#), con información exhaustiva e detallada de todos os trámites e documentación necesarios. Calquera problema ou dúbida que se atope na páxina poderá ser comentada na reunión prevista.

Para calquera dúbida, este é o correo da coordinadora: [pd.literaturaecultura@usc.es](mailto:pd.literaturaecultura@usc.es).

[Ir ao sumario](#)

**EDIUS**   **NOVAS**

## O profesor Federico Martinón ingresa na Real Academia de Medicina de Galicia como académico numerario

O profesor da USC, Federico Martinón Torres, ingresa este venres 24 na Real Academia de Medicina de Galicia como académico numerario da cadeira de Pediatría. Martinón é responsable do grupo de investigación Coidados Intensivos, Intermedios e Urxencias Pediátricas do departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría da USC. Tamén é xefe de Pediatría e director de Pediatría Traslacional e Enfermidades Infecciosas no Hospital Clínico Universitario de Santiago.

A súa tese de doutoramento defendida na USC titulouse “Heliox y bronquiolitis aplicación de una mezcla gaseosa de baja densidad en el tratamiento de la bronquiolitis aguda del lactante”. Os seus principais intereses de investigación son as vacinas, enfermidades infecciosas, enfermidade meningocócica, xenética do hóspede e biomarcadores. Máis información [nesta ligazón](#).



[Ir ao sumario](#)

## Álvaro Ordóñez gaña o premio á mellor tese de teledetección 2021



